

# **CEIP DE OS TILOS – TEO**

## **CURSO 2021/22**

### **PROGRAMACIÓN 3º CURSO DE**

### **EDUCACIÓN PRIMARIA**

#### 1. Introducción.

1.1. Xustificación da programación

1.2. Contextualización.

1.3. Profesorado que imparte docencia.

2. Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no pasado curso.

3. Obxectivos da etapa

4. Obxectivos de área, contidos e criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e concreción dos mínimos esixibles.

4.1. Mínimos esixibles para unha avaliación positiva referidos aos estándares de aprendizaxe.

5. Metodoloxía.

5.1. Metodoloxía en caso de cuarentena e comunicación coas familias.

5.1.1. Con conectividade.

5.1.2. Sen conectividade.

6. Procedementos e instrumentos de avaliación con que avaliaremos o proceso de enseñanza – aprendizaxe.

7. Criterios de cualificación.

8. Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial.

9. Medidas de atención á diversidade.

10. Acción de educación en valores e de contribución ao plan de convivencia.

11. Accións de contribución ao proxecto lector.

12. Actividades de reforzo/ recuperación.

13. Materiais didácticos (incluídos os libros de texto).

14. Actividades complementarias e extraescolares.

1. Procedementos e indicadores para a avaliación da propia programación/ práctica docente.

## 1.- Introducción.

O municipio de Teo atópase ao sur de Santiago atravesado pola estrada AC-841 que une Santiago coa Estrada. Tamén o cruza a autoestrada A-9. A este concello tamén se pode acceder pola auestrada AG-56 alternativa a AC-841.

Conta cunha poboación de 18.170 habitantes repartidos en 13 parroquias.

Neste Concello hai outros dous CEIP, un IES e un CRA que da cobertura educativa a todo o alumnado do concello.

O noso centro está situado na urbanización de Os Tilos, zona semiurbana das aforas de Santiago. Actualmente sobrepasa os 400 alumnos-as.

No concello de Teo atópase o Centro de Rehabilitación Neurolóxica (FOLTRA) coa particularidade de que os nenos e nenas en idade escolar que acuden a el, escolarízanse na súa meirande parte no noso centro por corresponderlle zona e por proximidade.

Esto supón que en practicamente todos os cursos haxa algún alumno/a que acude a facer terapia ao referido centro. O centro ten concedido o PLAMBE , deste xeito realizaranse actividades para os distintos niveis para traballar dende todos os equipos.

A área de PLÁSTICA será impartida na lingua inglesa.█

O alumnado de terceiro de primaria ten 7, 8 e 9 anos. Os alumnos distribúense segundo a táboa.

CURSO	Nº DE ALUMNOS/AS
3ºA	14
3ºB	14

### 1.1. Xustificación da programación

A Programación Didáctica para o terceiro Curso da Educación Primaria está fundamentado no establecido no Real Decreto 126/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de 28 de

febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación primaria, e no Decreto de 4 de setembro de 2014 da Consellería de Educación de Galicia pola que se establece o Currículo de Educación Primaria para esta Comunidade.

Propoñemos un modelo de ensino-aprendizaxe comprensivo que se enmarca dentro do paradigma da educación universal (global ou integral) que debe preparar todos os cidadáns para ter éxito na vida, a través da adquisición e o desenvolvemento das Competencias Clave.

Entendemos que a función do ensino é facilitar a aprendizaxe dos nenos e nenas, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as Competencias Clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que impoñen en todas as ordes da nosa vida os rápidos avances científicos e a nova economía global.

Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que artellan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir, tal e como se indica no informe da Unesco da Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI.

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que os nenos e as nenas a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) acaden un desenvolvemento persoal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

Ser competente, desde este enfoque, significa ser capaz de activar e utilizar ante un problema o coñecemento que o alumno ou a alumna ten. Esta concepción está alineada cos principios da aprendizaxe significativa e funcional das teorías construtivistas. Por aprendizaxe funcional entendemos que as competencias poidan ser aplicadas e transferidas a situacións e contextos diferentes para lograr diversos obxectivos, resolver diferentes tipos de problemas e levar a cabo diferentes tipos de tarefas.

A esta funcionalidade cabe darlle outra dimensión: que os alumnos e alumnas aprendan a aprender. Un aprendiz competente é aquel que coñece e regula os seus procesos de construción do coñecemento, tanto desde o punto de vista cognitivo como emocional, e pode facer un uso estratéxico dos seus coñecementos, axustándoos ás circunstancias específicas do problema ao que se enfrenta.

Así, a aprendizaxe das competencias clave, aínda que vai ligada ás áreas de coñecemento e aos estándares de aprendizaxe fixados nelas, é global e adquirírase a partir da súa contextualización en situacións reais e próximas ao alumno para que poida integrar diferentes aprendizaxes, tanto as formais, como as informais e non formais, e utilízalas de forma efectiva

cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.

## 1.2. Contextualización

A LOMCE modifica os elementos que compoñen o currículo como regulador dos procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das etapas educativas.

Estes elementos pasan a ser os seguintes:

- Os **obxectivos** de cada ensino e etapa educativa.
- As **competencias** ou capacidades para aplicar os contidos de cada ensino e etapa educativa.
- Os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos e á adquisición de competencias.

Os contidos ordénanse en **materias**, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas e as etapas educativas.

- Os **estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis**, que permiten definir os resultados das aprendizaxes en cada materia.
- Os **criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa.
- A **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.

### 1.3. Profesorado que imparte docencia en 3º.

Mestras titoras: María José Silva Moruja, 3ºA

Ana María González Castro, 3ºB

L.I e ARTS.: Paula Fuciño Pérez

E.F.: José Carlos Rodríguez Morandeira.

E.Musical: Marta Descalzo de la Torre

Relixión: María Virtudes Rodríguez Teijeiro.

A.L.: María Inmaculada García Abalo.

P.T.: Elva Aradas Carollo.

## 3.- Obxectivos da etapa.

Os obxectivos fixados para a etapa da educación primaria segundo a orde do 23/07/2014 (DOG do 14 de agosto) son os que se relacionan na seguinte táboa. En terceiro de primaria trataremos de adecuar estes obxectivos os nosos alumnos.

<sup>a</sup>	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo
--------------	--

	con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
d	Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
e	Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
f	Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
g	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
h	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
i	Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
j	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
m	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
n	Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
o	Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

#### 4.- Obxectivos de área, contidos, criterios de avaliación, estandares de aprendizaxe e competencias clave.

Currículo de Lingua Castelá en 3º					
Nive	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
<b>Bloque 1: Comunicación oral: Falar e escoitar</b>					
3º	LC	a,c,d,e	LC-B1.1-Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra;	LC-B1.1-Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	3º-LCB1.1.1-Exprésase de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade. [CCL CAA CSC]  3º-LCB1.1.2-Aplica as normas

			respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.		sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais. [CCL CAA CSC]
3º	LC	b,e	LC-B1.2-Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.	LC-B1.2-Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	3º-LCB1.2.1-Integra de xeito global os recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando o valor comunicativo destes. [CCL]  3º-LCB1.2.2-Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas. [CCL]
3º	LC	a,b,e	LC-B1.3-Participación en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso cunha secuencia lineal sinxela.	LC-B1.3-Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula.cación.	3º-LCB1.3.1-Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación: Diálogos Exposicións orais seguindo un modelo, e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación. [CCL CD CAA CSC CSIEE]
3º	LC	b,e	LC-B1.4-Dedución das palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.	LC-B1.4-Facer hipóteses sobre o significado de palabras evidentes a partir do seu contexto de uso.	3º-LCB1.4.1-Identifica polo contexto o significado de distintas palabras. [CCL]  3º-LCB1.4.2-Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación. [CCL CAA]
3º	LC	b,d,e,i	LC-B1.5-Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (produción didáctica, gravacións, medios de comunicación).	LC-B1.5-Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	3º-LCB1.5.1-Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas. [CCL CAA]  3º-LCB1.5.3-Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal. [CCL]  3º-LCB1.5.4-Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe. [CCL CAA CSIEE]
3º	LC	b,d,e,i	LC-B1.5-Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (produción didáctica, gravacións, medios de comunicación).	LC-B1.6-Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.	3º-LCB1.6.1-Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información. [CCL CD CAA]  3º-LCB1.6.2-Transforma en noticias sinxelas feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos. [CCL CSC]  3º-LCB1.6.3-Comprende de

					forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación. [CCL CD CAA CSC]
3º	LC	b,e	LC-B1.6-Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese. LC-B1.7-Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias.	LC-B1.7-Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses.	3º-LCB1.7.1-Reproduce de memoria textos literarios, non literarios e propios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses. [CCL CAA CCEC]  3º-LCB1.7.2-Interpreta diferentes personaxes, reflectindo as súas características esenciais, memorizando e representando as súas accións e xestos máis definitorios. [CCL CAA CCEC]
3º	LC	b,e	LC-B1.8-Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía.	LC-B1.8-Producir textos orais adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	3º-LCB1.8.1-Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos. [CCL CAA CCEC]  3º-LCB1.8.2-Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental, utilizando nexos básicos. [CCL CAA CCEC]
3º	LC	a,b,e	LC-B1.9-Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.	LC-B1.9-Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	3º-LCB1.9.1-Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión. [CCL CAA CSC CSIEE]
<b>Bloque 2: Comunicación escrita: ler</b>					
3º	LC	b,e	LC-B2.1-Lectura, en silencio e en voz alta, de distintos tipos de texto próximos á súa experiencia.	LC-B2.1-Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos.	3º-LCB2.1.1-Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade. [CCL]  3º-LCB2.1.2-Le en silencio textos sinxelos próximos á súa experiencia. [CCL]
3º	LC	e	LC-B2.2-. Comprensión de textos de diversa tipoloxía, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, segundo a súa tipoloxía e valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	LC-B2.2-Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	3º-LCB2.2.1-Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual. [CCL CAA]  3º-LCB2.2.2-Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral, entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). [CCL CAA]  3º-LCB2.2.3-Elabora glosarios coas novas palabras. [CCL

					CAA]
3º	LC	b,e	LC-B2.3-Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos:consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Anticipación de hipótese de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual. Uso do dicionario.	LC-B2.3-Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.	3º-LCB2.3.1-Identifica as palabras clave dun texto. [CCL CAA]  3º-LCB2.3.2-Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto. [CCL CAA]  3º-LCB2.3.3-Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e de ilustracións redundantes. [CCL CAA]  3º-LCB2.3.4-Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto. [CCL CAA]  3º-LCB2.3.5-Iniciase na utilización do dicionario de xeito guiado. [CCL CAA]
3º	LC	e	LC-B2.4-Gusto pola lectura. LC-B2.5-Selección de libros segundo o gusto persoal. LC-B2.6-Lectura dos libros establecidos no Plan lector.	LC-B2.4-Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	3º-LCB2.4.1-Dedica momentos de lecer para a lectura voluntaria. [CCL]  3º-LCB2.4.2-Selecciona textos do seu interese en función dos seus gustos e preferencias. [CCL]  3º-LCB2.4.3-Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas, como o título. [CCL CAA]
3º	LC	e,i	LC-B2.7-Usa da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de información e lecer.	LC-B2.5-Usa a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses.	3º-LCB2.5.1-Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre temas do seu interese e necesarios para as súas tarefas de aula. [CCL CD CAA]
3º	LC	a,b,e	LC-B2.8-Iniciación á creación da biblioteca persoal.	LC-B2.6-Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.	3º-LCB2.6.1-Coida, conserva e organiza os seus libros. [CCL CSC]
3º	LC	a,e	LC-B2.9-Identificación da finalidade das mensaxes transmitidos polo texto.	LC-B2.7-Identifica a estrutura de diferentes textos lidos, centrándose na interpretación do seu significado.	3º-LCB2.7.1-Diferenza, con axuda, entre información e publicidade. [CCL CAA CSC]  3º-LCB2.7.2-Formula hipótese, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade. [CCL CAA CSC]



3º	LC	b,e,i	LC-B2.10-Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.	LC-B2.8-Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.	3º-LCB2.8.1-Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información. [CCL CD CAA]
<b>Bloque 3: Comunicación escrita: escribir</b>					
3º	LC	b,e,m	LC-B3.1-Produción de textos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescriptivos) para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades. LC-B3.2-Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica. LC-B3.3-Aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel.	LC-B3.1-Producir textos seguindo un modelo con diferentes formatos (descriptivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas(informativos, literarios e prescriptivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	3º-LCB3.1.1-Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas. [CCL CD CAA]  3º-LCB3.1.2-Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel. [CCL]  3º-LCB3.1.3-Reproduce textos ditados sinxelos. [CCL]  3º-LCB3.1.4-Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. [CCL CAA]
3º	LC	b,e,m	LC-B3.4-Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	LC-B3.2-Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	3º-LCB3.2.1-Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. [CCL CSC]
3º	LC	b,e	LC-B3.5-Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...). Textualización en frases elementais con secuencia lineal. LC-B3.6-Revisión e mellora do texto.	LC-B3.3-Aplicar, con axuda, todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.	3º-LCB3.3.1-Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. [CCL CAA CSIEE]  3º-LCB3.3.2-Utiliza, con axuda e para escribir textos sinxelos, borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e da secuencia coherente do escrito. [CCL CAA CSIEE]
3º	LC	b,e,i	LC-B3.7-Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic.	LC-B3.4-Elaborar proxectos individuais ou colectivos de carácter informativo sobre diferentes temas do área.	3º-LCB3.4.1-Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de experiencias realizadas. [CCL CAA]  3º-LCB3.4.2-Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes, en diferentes soportes (papel e dixital), de carácter redundante co contido: carteis publicitarios, anuncios e cómic. [CCL CD CAA CSIEE]
3º	LC	a,d,e,m	LC-B3.8-Uso dunha linguaxe non discriminatoria e	LC-B3.5-Usar unha linguaxe respectuosa coa diversidade, evitando expresións	3º-LCB3.5.1-Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non

			respectuosa coas diferenzas.	discriminatorias e prexuízos.	respectuosa coas diferenzas. [CCL CSC]
3º	LC	e,i	LC-B3.9-Creación de textos utilizando as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de xeito guiado.	LC-B3.6-Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	3º-LCB3.6.1-Usa con axuda as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información. [CCL CD CAA]
3º	LC	e,i	LC-B3.10-Produción de textos segundo Plan de escritura do centro.	LC-B3.7-Escribir os textos establecidos no Plan de escritura.	3º-LCB3.7.1-Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel. [CCL CAA CSIEE]
<b>Bloque 4: Coñecemento da lingua</b>					
3º	LC	b,e	LC-B4.1-A palabra. LC-B4.2-Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra. LC-B4.3-Tempos verbais: presente, pasado e futuro. LC-B4.4-Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.	LC-B4.1-Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	3º-LCB4.1.1-Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción. [CCL]  3º-LCB4.1.2-Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos. [CCL]  3º-LCB4.1.3-Diferenza familias de palabras. [CCL]  3º-LCB4.1.4-Utiliza as normas ortográficas básicas. [CCL]
3º	LC	e	LC-B4.5-Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra. LC-B4.6-Vocabulario. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos. LC-B4.7-Recoñecemento dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.	LC-B4.2-Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	3º-LCB4.2.1-Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, na expresión oral e escrita. [CCL]  3º-LCB4.2.2-Utiliza, segundo modelo, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas. [CCL]  3º-LCB4.2.3-Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado. [CCL]
3º	LC	b,e	LC-B4.8-Clases de nomes: comúns e propios. LC-B4.9-As relacións gramaticais Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal.	LC-B4.3-Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	3º-LCB4.3.1-Clasifica e usa os tipos de nomes para elaborar textos escritos sinxelos [CCL]  3º-LCB4.3.2-Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita. [CCL]  3º-LCB4.3.3-Aplica, con axuda, as normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas producións escritas. [CCL]  3º-LCB4.3.4-Utiliza signos de puntuación nas súas

					composicións escritas. [CCL]  3º-LCB4.3.5-Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. [CCL]
3º	LC	e,i	LC-B4.10-Utilización do material multimedia educativo ao seu alcance e propio da súa idade.	LC-B4.4-Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	3º-LCB4.4.1-Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais [CCL CD CAA]
3º	LC	d,e,o	LC-B4.11-Valoración da diversidade da lingua na nosa comunidade autónoma	LC-B4.5-Valorar a diversidade lingüística da comunidade autónoma	3º-LCB4.5.1-Valora a diversidade lingüística da comunidade autónoma. [CCL CSC]
3º	LC	d,e,o	LC-B4.12-Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	LC-B4.6-Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	3º-LCB4.6.1-Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. [CCL CAA]
<b>Bloque 5: Educación Literaria</b>					
3º	LC	d,e	LC-B5.1-Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal.	LC-B5.1-Valorar textos como fonte de lecer e información.	3º-LCB5.1.1-Valora e recoñece de forma global, distintos textos literarios sinxelos, como fonte de lecer e de información. [CCL CCEC]
3º	LC	d,e	LC-B5.2-Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. LC-B5.3-Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais. Identificación de recursos literarios moi básicos.	LC-B5.2-Facer a lectura expresiva e interpretativa de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria.	3º-LCB5.2.1-Realiza, de xeito guiado, lecturas comentadas de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. [CCL CCEC]  3º-LCB5.2.2-Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións) [CCL CAA]
3º	LC	d,e	LC-B5.4-Valoración de recursos literarios	LC-B5.3-Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.	3º-LCB5.3.1-Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. [CCL CCEC]
3º	LC	b,e	LC-B5.5-Creación de textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.	LC-B5.4-Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	3º-LCB5.4.1-Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados. [CCL CAA CSIEE CCEC]
3º	LC	b,e	LC-B5.6-Comprensión, memorización e recitado de textos literarios co ritmo, entoación e dicción adecuados.	LC-B5.5-Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	3º-LCB5.5.1-Memoriza e reproduce textos orais moi sinxelos adecuados á súa idade: contos, poemas ou cancións. [CCL CAA CSC CCEC]

3º	LC	d,e	LC-B5.7-Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.	LC-B5.6-Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade.	3º-LCB5.6.1-Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios breves e sinxelos, axeitados á súa idade. [CCL CAA CCEC CSC]
3º	LC	a,b,e,o	LC-B5.8-Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	LC-B5.7-Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	3º-LCB5.7.1-Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. [CCL CSC CCEC]

### MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA REFERIDOS AOS ESTÁNDERES APRENDIZAXE

BLOQUE 1	BLOQUE 2	BLOQUE 3	BLOQUE 4	BLOQUE 5
<p>LCB1.1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.</p> <p>LCB1.4.2. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.</p> <p>LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas....</p> <p>LCB1.8.1. Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos.</p>	<p>LCB2.1.1. Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.</p> <p>LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.</p>	<p>LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....</p> <p>LCB3.1.3. Reproduce textos ditados sinxelos.</p>	<p>LCB4.1.1. Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción</p> <p>LCB4.1.4. Utiliza as normas ortográficas básicas</p>	<p>LCB5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.</p> <p>LCB5.5.1. Memoriza e reproduce textos orais moi sinxelos adecuados á súa idade: contos, poemas ou cancións.</p>

## Currículo de Lingua Galega en 3º

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Crterios de	Estándares - [C.C]
-------	------	------------	----------	-------------	--------------------

				avaliación	
<b>Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar</b>					
3º	LG	a,e	LG-B1.1-Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral, específica e relevante, sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e elaboración dun breve resumo.	LG-B1.1-Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica.	3º-LGB1.1.1-Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe. [CCL CAA]  3º-LGB1.1.2-Identifica quen, que e onde nunha noticia. [CCL CAA]  3º-LGB1.1.3-Elabora un breve resumo, a partir de preguntas, dun texto oral sinxelo e valora os informativos da radio e da televisión como fonte de información. [CCL CSC]
3º	LG	b,d,e,i	LG-B1.2-Usa de documentos impresos, dixitais e audiovisuais para obter, informacións relevantes para realizar tarefas de aprendizaxe.	LG-B1.2-Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.	3º-LGB1.2.1-Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria. [CCL CD CAA CSC]  3º-LGB1.2.2-Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe [CCL CD CAA CSIEE]
3º	LG	a,b,c,e,o	LG-B1.3-Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase).	LG-B1.3-Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	3º-LGB1.3.1-Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente. [CCL CAA CSC CSEIEE]  3º-LGB1.3.2-Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as informacións máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa comprensión. [CCL CAA]  3º-LGB1.3.3-Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido. [CCL CAA CSIEE]  3º-LGB1.3.4-Participa no traballo en grupo. [CCL CSIEE CAA CCL]
3º	LG	a,c,e,o	LG-B1.4-Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas, respectando as e opinións de quen fala e sen interrupcións inadecuadas.	LG-B1.4-Manter unha adecuada actitude de escoita, respectando as opinións dos e das demais.	3º-LGB1.4.1-Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper. [CCL CSC]  3º-LGB1.4.2-Respecta as opinións da persoa que fala. [CCL CSC]
3º	LG	a,c,d,e	LG-B1.5-Participación e cooperación nas situacións comunicativas (expresións espontáneas, informacións, conversas reguladores da convivencia, discusións	LG-B1.5-Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	3º-LGB1.5.1-Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. [CCL CSC CAA]  3º-LGB1.5.2-Respecta as opinións das persoas

			ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, posturas e xestos adecuados).		<p>participantes nos intercambios orais. [CCL CSC CCEC]</p> <p>3º-LGB1.5.3-Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. [CCL CSC CCEC]</p> <p>3º-LGB1.5.4-Emprega unha postura e xestualidade que transmite predisposición para interactuar cos demais. [CCL CSC CCEC]</p> <p>3º-LGB1.5.5-Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas. [CCL CSC CCEC]</p> <p>3º-LGB1.5.6-Participa na conversa formulando e contestando preguntas. [CCL CSC CCEC CAA]</p>
3º	LG	a,b,e	LG-B1.6-Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: entoación, ritmo e xestualidade.	LG-B1.6-Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.	<p>3º-LGB1.6.1-Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade. [CCL CAA]</p> <p>3º-LGB1.6.2-Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos. [CCL]</p> <p>3º-LGB1.6.3-Amosa un discurso oral, claro, cunha pronuncia e entoación axeitadas e propias da lingua galega. [CCL CCEC]</p>
3º	LG	b,e	LG-B1.7-Produción de textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación social coa axuda de modelos sinxelos e en situación de simulación.	LG-B1.7-Elaborar textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación.	3º-LGB1.7.1-Elabora textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación. [CCL CD CAA CSIEE CSC]
3º	LG	b,d,e	LG-B1.8-Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.	LG-B1.8-Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	3º-LGB1.8.1-Amosa respecto ás ideas e achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. [CCL CAA CSIEE]
3º	LG	e	LG-B1.9-Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.	LG-B1.9-Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	3º-LGB1.9.1-Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo [CCL CAA CCEC CSIEE]
3º	LG	a,d,e,o	LG-B1.10-Uso, de forma xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LG-B1.10-Usar, de forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	<p>3º-LGB1.10.1-Usa, de forma xeral, unha linguaxe non sexista. [CCL CSC]</p> <p>3º-LGB1.10.2-Identifica o uso de linguaxe discriminatoria e sexista evidente. [CCL CSC]</p>
3º	LG	a,d,e,o	LG-B1.11-Comparación de textos orais sinxelos producidos en diferentes variedades dialectais da lingua galega.	LG-B1.11-Comparar textos orais sinxelos producidos en diferentes variedades dialectais da lingua galega.	3º-LGB1.11.1-Compara textos orais sinxelos producidos en diferentes variedades dialectais da lingua galega. [CCL CCEC]

3º	LG	a,d,e,o	LG-B1.12-Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	LG-B1.12-Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.	3º-LGB1.12.1-Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación... [CCL CCEC]  3º-LGB1.12.2-Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. [CCL CCEC CSC]
<b>Bloque 2: Comunicación escrita: ler</b>					
3º	LG	b,e,i,j	LG-B2.1-Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte e regras de xogos. LG-B2.2-Comprensión de información xeral en textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas. LG-B2.3-Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos descrições, instrucións e explicacións).	LG-B2.1-Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	3º-LGB2.1.1-Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. [CCL CD CSC]  3º-LGB2.1.2-Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo). [CCL]  3º-LGB2.1.3-Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo. [CCL CAA CSIEE]  3º-LGB2.1.4-Interpreta, personificacións e hipérboles en textos sinxelos. [CCL CAA CSIEE]  3º-LGB2.1.5-Identifica a estrutura xeral dun texto. [CCL]  3º-LGB2.1.6-Emprega o dicionario, de xeito guiado, para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos. [CCL CCL CAA CSIEE]
3º	LG	b,e	LG-B2.4-Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información, identificando e interpretando os datos que se transmiten mediante sinxelos gráficos e ilustracións.	LG-B2.2-Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de sinxelos gráficos, e ilustracións.	3º-LGB2.2.1-Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de sinxelos gráficos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña. [CCL CAA CSC CSIEE CMCT]
3º	LG	b,e	LG-B2.5-Subliñado e resumo da información relevante dun texto sinxelo adecuado ao seu nivel.	LG-B2.3-Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido.	3º-LGB2.3.1-Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. [CCL CAA]  3º-LGB2.3.2-Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo. [CCL CAA]
3º	LG	b,e	LG-B2.6-Iniciación ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).	LG-B2.4-Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.	3º-LGB2.4.1-Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións. [CCL CAA]  3º-LGB2.4.2-Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión,cando é preciso. [CCL CAA]

3º	LG	b,e	LG-B2.7-Usa dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter información e modelos para a lectura.	LG-B2.5-Utilizar de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura.	3º-LGB2.5.1-Utiliza de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura. [CCL CD CAA]  3º-LGB2.5.2-Utiliza de xeito guiado dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto. [CCL CAA CD CSIEE]
3º	LG	a,b,e	LG-B2.8-Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos sinxelos en galego adaptados á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.	LG-B2.6-Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade e aos seus intereses.	3º-LGB2.6.1-Descodifica sen dificultade as palabras. [CCL CAA]  3º-LGB2.6.2-Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade. [CCL]  3º-LGB2.6.3-Le textos, adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen dificultade [CCL CSC]
3º	LG	a,b,e,i	LG-B2.9-Usa da biblioteca respectando as súas normas de funcionamento e valorándoa como fonte de información e de ocio e participación en actividades literarias. LG-B2.10-Valoración das normas de funcionamento da biblioteca como recurso para acceder facilmente a información moi variada e manter un ambiente agradable de traballo e lecer.	LG-B2.7-Usar as bibliotecas de aula, e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento, e participar en actividades literarias.	3º-LGB2.7.1-Utiliza as biblioteca de aula e de centro respectando as normas básicas do seu o funcionamento. [CCL CAA CSC]  3º-LGB2.7.2-Valora as bibliotecas de aula e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos. [CCL CAA CSC]  3º-LGB2.7.3-Participa en actividades literarias do centro. [CCL CSC CCEC]
3º	LG	a,b,e	LG-B2.11-Mantemento adecuado da súa biblioteca persoal.	LG-B2.8-Ter interese por ter unha biblioteca propia.	3º-LGB2.8.1-Coida, conserva e organiza os seus libros. [CCL CAA CSC]
3º	LG	a,b,e	LG-B2.12-Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de e de lecer.	LG-B2.9-Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.	3º-LGB2.9.1-Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer. [CCL CAA CSC CCEC]
3º	LG	a,b,e,m	LG-B2.13-Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.	LG-B2.10-Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	3º-LGB2.10.1-Selecciona textos do seu interese, en función dos seus gustos e preferencias. [CCL]
<b>Bloque 3: Comunicación escrita: escribir</b>					
3º	LG	a,b,e	LG-B3.1-Usa das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor.	LG-B3.1-Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	3º-LGB3.1.1-Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. [CCL CSIEE CAA]  3º-LGB3.1.2-Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. [CCL CAA CSIEE]



					<p>3º-LGB3.1.3-Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). [CCL]</p> <p>3º-LGB3.1.4-Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, léxico, morfosintaxe. [CCL CSC CCEC]</p>
3º	LG	a,b,e,o	<p>LG-B3.2-Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións?, de acordo coas características propias destes xéneros.</p> <p>LG-B3.3-Composición de textos de información sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, en situacións reais ou simuladas.</p>	<p>LG-B3.2-Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.</p>	<p>3º-LGB3.2.1-Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións [CCL CAA CD]</p> <p>3º-LGB3.2.2-Redacta textos xornalísticos (noticias) e publicitarios (anuncios e carteis) de xeito creativo. [CCL CSC CCEC CAA]</p> <p>3º-LGB3.2.3-Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guiño establecido. [CCL CAA]</p> <p>3º-LGB3.2.4-Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión. [CCL CSC CAA]</p> <p>3º-LGB3.2.5-Resume brevemente o contido de textos sinxelos, a partir de preguntas, propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación. [CCL CSC CAA]</p>
3º	LG	b,e	<p>LG-B3.4-Producción de textos relacionados co ámbito académico para comunicar información (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións).</p>	<p>LG-B3.3-Elaborar textos do ámbito académico para comunicar información.</p>	<p>3º-LGB3.3.1-Elabora por escrito textos do ámbito académico moi sinxelos (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter e comunicar información. [CCL CAA CSIEE]</p>
3º	LG	a,b,e,j	<p>LG-B3.5-Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics.</p>	<p>LG-B3.4-Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.</p>	<p>3º-LGB3.4.1-Elabora textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics. [CCL CSC CCEC CAA CSIEE]</p>
3º	LG	b,de,e,i,j	<p>LG-B3.6-Usa guiado de programas informáticos de procesamento de textos.</p>	<p>LG-B3.5-Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.</p>	<p>3º-LGB3.5.1-Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. [CCL CD CAA CSIEE]</p>
3º	CN	h,g,e,l,i,o	CN-B3.1-Diferenza entre seres vivos e inertes. CN-B3.2-Identificación de animais e de plantas como seres vivos. CN-B3.3-Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a partir de características observables. CN-B3.4-Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables. CN-B3.5-Utillización guiada de claves e de guías de animais e plantas para a clasificación e identificación dalgunhas especies existentes en Galicia. CN-B3.6-Identificación de cambios observables que se producen nos seres no contorno.	CN-B3.1- Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	3º-CNB3.1.1-Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico. [CMCT CSIEE]  3º-CNB3.1.2-Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaa con criterio científico. [CMCT CCL CSIEE]  3º-CNB3.1.3-Utilliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas. [CMCT CAA]
3º	CN	a,,b,c,e,h,i,j, l, m, o	CN-B3.7-Observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira	CN-B3.2-Observar e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio ou na aula. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	3º-CNB3.2.1-Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes. [CMCT]  3º-CNB3.2.2-Rexistra e comunica de xeito oral e escrito

			máis precisa e rigorosa posible. CN-B3.8-Valoración da biodiversidade e interese pola súa conservación.		os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado. [CMCT CCL CSIEE CD]
<b>Bloque 4: Materia e enerxía</b>					
3º	CN	a,b,e,g,h	CN-B4.1-Fuentes de enerxía. A enerxía e os cambios. CN-B4.2-Intervención da enerxía na vida cotiá. CN-B4.3-Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Aforro enerxético. CN-B4.4-A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental. CN-B4.5-Desenvolvemento de actitudes individuais e colectivas fronte a determinados problemas mediambientais.	CN-B4.1-Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	3º-CNB4.1.1-Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá. [CMCT CSC]  3º-CNB4.1.2-Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola. [CMCT CSC]
3º	CN	b,e,g,h	CN-B4.6-Cambios de estado da auga. CN-B4.7-O ciclo da auga. CN-B4.8-Identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou deformen.	CN-B4.2-Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado da auga e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.	3º-CNB4.2.1-Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotiá. [CMCT CCL]  3º-CNB4.2.2-Realiza experiencias sinxelas para identificar as forzas que fan que os obxectos se movan en situacións reais. [CMCT]
3º	CN	b,g,h	CN-B4.9-Identificación de compoñentes e preparación dunha mestura.	CN-B4.3-Realizar mesturas sinxelas con substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno, achegando conclusións sobre os resultados.	3º-CNB4.3.1-Compara densidades de diferentes substancias que emprega diariamente con respecto á auga. [CMCT]  3º-CNB4.3.2-Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e presenta conclusións dos resultados. [CMCT]
<b>Bloque 5: A tecnoloxía: obxectos e máquinas</b>					
3º	CN	a,b,g,e	CN-B5.1-Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas (bicicleta, xoguetes, móbiles, tesoiras, roda, manivelas, espumador, reloxo, pinzas, triturador...) CN-B5.2-Importancia da ciencia e da tecnoloxía para mellorar as condicións de vida e de traballo.	CN-B5.1-Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e observar o seu uso na vida cotiá	3º-CNB5.1.1-Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento. [CMCT]  3º-CNB5.1.2-Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá. [CMCT CCL CSC]
3º	CN	a,b,c,d,e,g,h,j,m	CN-B5.3-Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela. CN-B5.4-Manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico, superando estereotipos sexistas. CN-B5.5-Prevención de	CN-B5.2-Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.	3º-CNB5.2.1-Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan. [CMCT CCL CSC]  3º-CNB5.2.2-Aplica os coñecementos ao deseño e construción dalgún obxecto ou



			riscos no emprego de máquinas de uso cotián.		aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar... [CMCT CCEC CD]
--	--	--	--	--	--

## MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA REFERIDA AOS ESTÁNDERES DE APRENDIZAXE

BLOQUE 1	BLOQUE 2	BLOQUE 3	BLOQUE 4	BLOQUE 5
CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soporte	<p>CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.</p> <p>CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.</p> <p>CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais</p>	<p>CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.</p> <p>CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaaas con criterio científico.</p> <p>CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.</p>	<p>CNB4.1.1 Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá.</p> <p>CNB4.2.1. Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián</p>	<p>CNB5.1.2. Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá.</p> <p>CNB5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.</p>

Currículo de Valores Sociais e Cívicos en 3º					
Nive I	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
<b>Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa</b>					
3º	VSC	m,k	VSC-B1.1-O autoconhecimento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades. VSC-B1.2-Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimentos de forma construtiva.	VSC-B1.1-Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepción.	<p>3º-VSCB1.1.1-Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións. [CSC CSIEE]</p> <p>3º-VSCB1.1.2-Expresa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais. [CSC CC.]</p>
3º	VSC	m	VSC-B1.3-O autoconcepción. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo.	VSC-B1.2-Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal	3º-VSCB1.2.1-Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. [CSC CCL CSIEE]
3º	VSC	a,m	VSC-B1.4-As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción.	VSC-B1.3-Estruturar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.	<p>3º-VSCB1.3.1-Aplica o autocontrol á toma de decisión. [CSC CSIEE]</p> <p>3º-VSCB1.3.2-Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións</p>

			VSC-B1.5-O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia		e das demais persoas. [CSC CSIEE]  3º-VSCB1.3.3-Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas. [CSC CSIEE CCL]
3º	VSC	b,m	VSC-B1.6-A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.	VSC-B1.4-Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	3º-VSCB1.4.1-Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos. [CSC CSIEE]  3º-VSCB1.4.2-Asume as súas responsabilidades durante a colaboración. [CSC CSIEE]  3º-VSCB1.4.3-Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta. [CSC CAA CSIEE]
3º	VSC	M	VSC-B1.7-A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración.	VSC-B1.5-Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	3º-VSCB1.4.4-Emprega algunha estratexia para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso. [CSC CSIEE CAA]
3º	VSC	a	VSC-B1.8-A iniciativa persoal. As accións creativas. A consecución de logros.	VSC-B1.6-Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	3º-VSCB1.6.1-Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación. [CSC CSIEE]  3º-VSCB1.6.2-Define e formula claramente problemas de convivencia. [CSC CCL]
3º	VSC	b	VSC-B1.9-A responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. A asunción dos propios actos.	VSC-B1.7-Propoñerse desafíos e levarlos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.	3º-VSCB1.7.1-Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións. [CSC CCL]  3º-VSCB1.7.2-Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social. [CSC CSIEE]
<b>Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais</b>					
3º	VSC	m	VSC-B2.1-As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.	VSC-B2.1-Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	3º-VSCB2.1.1-Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións. [CCL CSC CSIEE]  3º-VSCB2.1.2-Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos. [CCL CSC]  3º-VSCB2.1.3-Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais. [CCL CAA CSIEE]

					3º-VSCB2.1.4-Expón respectuosamente os argumentos. [CCL CSC]
3º	VSC	b,m,e	VSC-B2.2-Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.	VSC-B2.2-Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	3º-VSCB2.2.1-Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala. [CCL CSC]  3º-VSCB2.2.2-Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas. [CAA CSIEE CSC CCL]
3º	VSC	c,m,e	VSC-B2.3-A comunicación expresiva. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.	VSC-B2.3-Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que iniben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.	3º-VSCB2.3.1-Comuníquese empregando expresións para mellorar a comunicación. [CCL CSC]  3º-VSCB2.3.2-Amosa interese polos seus interlocutores. [CCL CSC]
3º	VSC	e,m	VSC-B2.4-A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.	VSC-B2.4-Empregar a aserción.	3º-VSCB2.4.1-Expresa abertamente as propias ideas. [CCL CSC CSIEE]  3º-VSCB2.4.2-Emprega a linguaxe positiva. [CCL CSC]
3º	VSC	m	VSC-B2.5-O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda.	VSC-B2.5-Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.	3º-VSCB2.5.1-Relaciona, con axuda dunha persoa adulta, diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns. [CCL CSC CAA]
3º	VSC	c,m	VSC-B2.6-A intelixencia interpersonal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.	VSC-B2.6-Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais	3º-VSCB2.6.1-Emprega diferentes habilidades sociais básicas. [CSC]  3º-VSCB2.6.2-Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence. [CSC CSIEE]
<b>Bloque 3: A convivencia e os valores sociais</b>					
3º	VSC	a	VSC-B2.7-O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.	VSC-B2.7-Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	3º-VSCB2.7.1-Respecta e acepta as diferenzas individuais. [CSC]  3º-VSCB2.7.2-Recoñece, e identifica as calidades doutras persoas. [CSC]
<b>Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais</b>					
3º	VSC	c,m	VSC-B2.8-As condutas	VSC-B2.8-Contribuír á	3º-VSCB2.8.1-Forma parte

			solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo.	mellora do clima do grupo, amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	activa das dinámicas do grupo. [CSC CSIEE]  3º-VSCB2.8.2-Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. [CSC CSIEE]
<b>Bloque 3: A convivencia e os valores sociais</b>					
3º	VSC	b,m	VSC-B3.1- Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.	VSC-B3.1-Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	3º-VSCB3.1.1-Establece relacións de confianza cos iguais e coas persoas adultas. [CSC CSIEE]  3º-VSCB3.1.2-Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración. [CSC CSIEE]  3º-VSCB3.1.3-Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula. [CSC CSIEE]
3º	VSC	b	VSC-B3.2-A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. VSC-B3.3-Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa.	VSC-B3.2-Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	3º-VSCB3.2.1-Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. [CAA CSIEE CSC]  3º-VSCB3.2.2-Practica as estratexias de axuda entre iguais [CAA CSIEE CSC]  3º-VSCB3.2.3-Respecta as regras durante o traballo en equipo. [CSC]  3º-VSCB3.2.4-Emprega destrezas de interdependencia positiva. [CSC CSIEE CAA]
3º	VSC	a	VSC-B3.4-Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social.	VSC-B3.3-Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	3º-VSCB3.3.1-Participa na elaboración das normas da aula. [CSC CSIEE]  3º-VSCB3.3.2-Respecta as normas do centro escolar. [CSC]
3º	VSC	c,m	VSC-B3.5-A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. A transformación do conflito en oportunidade.	VSC-B3.4-Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	3º-VSCB3.4.1-Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo construtivo [CSC CSIEE]  3º-VSCB3.4.2-Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais. [CCL CSC]  3º-VSCB3.4.3-Analiza as emocións e sentimentos das partes en conflito. [CSC CSIEE]
3º	VSC	a	VSC-B3.6-Identificación,	VSC-B3.5-Comprender a	3º-VSCB3.5.1-Expón os dereitos

			recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española.	importancia dos dereitos da infancia valorando as condutas que os protexen.	básicos da infancia. [CSC CCL]
3º	VSC	d,m	VSC-B3.7-As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.	VSC-B3.6-Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	3º-VSCB3.6.1-Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares. [CSC CSIEE CSC CSIEE]  3º-VSCB3.6.2-Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. [CSC CSIEE CSC CSIEE]
3º	VSC	n	VSC-B3.8-A educación viaria. Respeito cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico. VSC-B3.9-Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.	VSC-B3.7-Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico	3º-VSCB3.7.1-Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria. [CSC CSIEE]  3º-VSCB3.7.2-Expón as causas de diferentes accidentes de tráfico [CSC CCL]  3º-VSCB3.7.3-Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico. [CSC CCL CMCT CD]

### MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA REFERIDA AOS ESTÁNDERES DE APRENDIZAXE

BLOQUE 1	BLOQUE 2	BLOQUE 3
<p>VSCB1.3.2. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.</p> <p>VSCB1.4.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.</p> <p>VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.</p>	<p>VSCB2.1.1. Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións.</p> <p>VSCB2.7.1. Respeita e acepta as diferencias individuais.</p>	<p>VSCB3.2.2. Practica as estratexias de axuda entre iguais.</p> <p>VSCB3.3.2. Respeita as normas do centro escolar</p>

## 5.- Metodoloxía.

Os principios nos que esta baseada a metodoloxía utilizada para impartir as diferentes áreas (Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega, Ciencias Sociais e Ciencias Naturais) son:

- Non todos coñecemos igual en todo momento.
- En cada momento hai influencias sobre o coñecemento que proveñen das experiencias previas e

das situacións novas.

- O coñecemento e o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que, máis que transmitirse, constrúese mediante a práctica, co cal se pon de relevo o seu carácter construtivista, social e interactivo.
- Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e presentacións, que poden ser todos obxectivos. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas contribucións por parte de todos, superar as lagoas e enmendar os erros.
- O ensino debe buscar interaccións cada vez máis ricas e significativas entre os elementos proporcionados por diferentes soportes (textos, audiovisuais...), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos (didácticas: xeral e especiais) e situacións ou feitos (da vida cotiá, descubrimentos, centros de interese...): globalidade e significatividade.
- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado:
  - Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
  - Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.
  - Dos coñecementos previamente construídos.
- Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas:
  - Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.
  - Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender. O alumnado, co que sabe e grazas á maneira como o profesor ou a profesora lle presentan a información, reorganiza o seu coñecemento entrando en novas dimensións, transferindo ese coñecemento a outras situacións, descubrindo os principios e procesos que o explican, mellorando a súa capacidade organizativa comprensiva para outras experiencias, ideas, valores e procesos de pensamento que vai adquirir dentro e fóra da aula.
- Favorecer a aprendizaxe autónoma:
  - Desenvolvendo o profesorado un modelo curricular de natureza procesual que asegure que o alumnado realice aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica). Modelo que, partindo do establecemento de redes conceptuais que permitan representar toda a estrutura da materia de xeito sinxelo e claro, das cales se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), porque (explicación) e para que (intervención).
  - Modificando progresivamente os esquemas previos do coñecemento do alumnado desde o saber cotiá ata o saber científico.
- Potenciar a actividade:

- Facilitando a reflexión á hora da acción.
- Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sos, pero si coa axuda conveniente (zona de desenvolvemento potencial).
- Partir da avaliación inicial, específica e global:
  - Das súas aptitudes e actitudes.
  - Das súas necesidades e intereses.
  - Dos seus coñecementos previos, xerais e por áreas.
- Motivar axeitadamente:
  - Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
  - Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
  - Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender, especialmente a través dunha atribución causal positiva, tanto do profesorado como do propio alumnado.
- Analizar os esquemas previos de coñecemento:
  - Asegurando que se posúen os requisitos básicos para poder abordar a seguinte nova aprendizaxe.
  - Reforzando os conceptos previos máis débiles e sensibles.
- Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos:
  - Incorporando mediante a actitude docente o exemplo adecuado que se debe seguir (currículo implícito ou latente).
  - Facilitando que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria. Consolidando os enlaces entre os coñecementos previos e os novos.
  - Estructurando e dosificando os novos contidos conceptuais de forma apropiada.
  - Promovendo a funcionalidade das aprendizaxes, aplicándoas e transferíndoas a outras situacións ou contidos diferentes.
  - Tendo moi en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.

***Específicamente, estes principios deben facilitar:***

- A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial do alumnado atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.
- A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.
- Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a

motivación necesaria para despertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.

- Progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos, tendo en conta a transversalidade do currículo.
- A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.
- Espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discentes e docente.
- A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.
- A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo-temporais.
- A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.
- O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da dependencia á autonomía persoal e social.
- A creatividade como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.

É preciso realizar unha **temporización** que inclúa a elaboración dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das distintas áreas e dun horario de actividade docente (Diario de aula).

## **5.1. Metodoloxía en caso de cuarentena e comunicación coas familias**

### **5.1.1. Con conectividade**

- Todo o proceso de ensino aprendizaxe será flexible, adaptándose en función das necesidades do alumnado e das familias.
- Os contidos presentaranse en diferentes soportes para favorecer a consecución das competencias básicas: audiovisual, gráfico e informático.
- Para a consecución destes obxectivos o equipo docente traballará de xeito coordinado.
- Entréganse as actividades e resólvense as dúbidas a través do correo electrónico, no abalar, ou por teléfono.



- Revísanse as tarefas entregadas polo alumnado.
- Mantense comunicación mediante vídeo conferencia co alumnado.

Unha vez comprobado que todo o alumnado ten conexión a internet empregaremos a aula virtual como espazo para a comunicación das tarefas a realizar polo alumnado. Mantendremos unha comunicación coas familias e o alumnado a través da páxina virtual, correo electrónico e a través do teléfono para unha comunicación máis próxima coas familias.

### **5.1.2.Sen conectividade**

Se ao longo do periodo de cuarentena houberse algún membro do alumnado sen conectividade ou ben por problemas na aula virtual o centro encargaríase de facer chegar o material necesario para realización das tarefas propostas.

## **6.- Procedementos e instrumentos de avaliación con que evaluaremos o proceso de ensinanza-aprendizaxe**

A Orde de 23 de novembro de 2007 que establece a avaliación da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia dinos que esta debe ser global, continua, formativa e integradora.

Deste xeito, a avaliación é un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

O proceso de avaliación basearase nos seguintes principios:

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Hai que partir do que se quere avaliar e despois avalialo.
- Traballar en equipo á hora do seu deseno.
- Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- Hai que dotala dun mínimo de requisitos para a súa realización.
- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.

- Ten que recoller ao máximo todos os aspectos da personalidade.
- Reflectir de maneira clara: que, como e cando debe realizarse.
- Propiciar ao seu termo o proceso de reorganización específico e global.

Dentro do proceso de **avaliación** poden distinguirse as seguintes **modalidades**:

#### *Avaliación inicial do alumnado.*

Ademáis da información recibida obtida no expediente escolar, o profesor titor aplicaralle ao alumnado unha proba inicial coa que se determinará o punto de partida dende o que este inicia as novas aprendizaxes, e a equipa docente tomará as decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e a súa adecuación as súas características e o seu nivel de coñecementos.

Do mesmo xeito, estes datos servirán de base para adoptar as medidas necesarias de atención á diversidade recollidas no plan correspondente a aqueles alumnos e alumnas que o precisen co fin de facilitarlles a continuación do seu proceso de aprendizaxe e o acceso ao currículo.

#### *Avaliación continua e formativa*

A avaliación continua será realizada pola equipa docente de cada un dos cursos de xeito colexiado e será coordinada polo seu profesor titor.

Cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o axeitado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan.

As sesións de avaliación que se realizarán ao longo de cada curso escolar serán tres: unha no mes de decembro, outra no mes de marzo, e a última no mes de xuño.

Acordarase a información que, sobre o proceso persoal de aprendizaxe seguida, se transmitirá a cada alumno ou alumna e ao seu pai, á súa nai ou aos seus titores legais.

#### *Avaliación final*

Ao termo de cada curso, valorarase o progreso global de cada alumno e alumna, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo. E, ao finalizar o curso, a equipa docente, tendo en conta os mínimos esixibles que figuran nas correspondentes programacións de cada curso, e informados o pai, a nai ou os titores legais, tomará a decisión sobre a promoción ou non do alumno/a ao seguinte curso ou etapa.

No caso de ter que avaliar un alumno con necesidade específica de apoio educativo, o titor/a, co asesoramento do equipo de orientación educativa e do profesorado de apoio a integración, aplicará os criterios de avaliación que fose establecido nas adaptacións curriculares, as cales serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición das competencias clave.

#### *Avaliación individualizada ao rematar terceiro.*

Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos/as os/as alumnos/as ao rematar o terceiro curso de educación primaria, segundo dispoña a Administración educativa, na cal se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en

expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

De resultar desfavorable esta avaliación, a equipa docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan superar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

## 7. Instrumentos e procedementos de avaliación

OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA	ANALISE DA PRODUCCIÓN DOS ALUMNOS/AS	INTERCAMBIOS ORAIS CO ALUMNADO (exposición, entrevista, diálogo, debate, probas orais)	PROBAS ESPECÍFICAS
-Escala de observación.  - Rexistro anecdótico persoal  - Diario de clase	-Monografías  - Resumos  -Traballos de aplicación e síntese  - Caderno de clase  - Textos escritos	- Fichas de observación  -Guías de diálogo  - Posta en común	- Probas de resposta pechada.  -Probas de resposta aberta .  -Probas tipo test.

## 8.- Criterios de cualificación

Utilizaremos dous criterios de cualificación, o primeiro baseado en probas obxectivas e o segundo baseado no actitude. Nas táboas que engadimos a continuación explícase como se levará a cabo a cualificación.

INSTRUMENTOS	%	OBSERVACIONES
PROBAS ESCRITAS E ORAIS	60%	Probas de rendemento (tanto escritas como orais) realizadas para com probar tanto o nivel de coñecementos adquiridos como a capacidade de xeneralización de ditos aprendizaxes. -Preguntas directas sobre o que se está traballando.
TRABALLO DIARIO NO COLEXIO E CASA. ESFORZO	20%	Observación de traballos nos cadernos, libros e forma de traballar. -Realización correcta dos traballos. -Organización e boa presentación das tarefas. -Estudio diario e realización diaria das actividades individuais das asignaturas tanto na aula como nas casas. -Regularidade e constancia no traballo diario.
ACTITUDE	20%	Interese, motivación, atención, iniciativa e participación. Coidado do material corrección no trato co profesorado e cos compañeiros/as.

En función destes criterios estableceremos a cualificación que tendo en conta a Orde de avaliación será de IN, SU, BE, NT, SB.

<b>CUALIFICACIÓN</b>	<b>RANGO DE PUNTUACIÓN</b>
SOBRESAÍNTE (SB)	9,00-10
NOTABLE (NT)	7,00-8,99
BEN (BE)	6,00-6,99
SUFICIENTE (SU)	5,00-5,99
INSUFICIENTE (IN)	4,99-0

## **9.- DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

O alumnado cada vez é máis diverso, polo que ao comezar o curso académico faise necesario realizar unha avaliación inicial que sirva como referencia á hora de adaptar a resposta educativa ás necesidades reais do grupo e á diversidade e características individuais de cada alumno/a.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas de clase, nas que nos adicaremos a recoller información sobre as características do alumno/a (intereses), o seu entorno socio-familiar, o contexto educativo (dinámica de aula-relacións entre compañeiros) e a súa competencia curricular na materia.

Para realizar a avaliación inicial contamos con múltiples instrumentos, dos que se empregarán:

- Probas de nivel prácticas, para saber o grao de coñecementos previos do alumno/a.
- Xogos variados, que nos permiten observar a interacción entre o alumnado.
- Observación na aula os primeiros días de clase para ver a súa dinámica.
- Entrevistas por teléfono, videoconferencia, en casos moi concretos presenciais, cos pais e nais.

En definitiva, a avaliación inicial orienta a programación, a metodoloxía a empregar, a organización da aula, as actividades a desenvolver... para así adaptarse mellor á idiosincrasia de cada grupo de alumnos/as.

## **10.- Medidas de atención á diversidade.**

As medidas de atención á diversidade que se tomarán por parte dos mestres continuando as intervencións que o alumnado tiña no curso pasado e segundo as manifestacións que vaian aparecendo son:

- Reforzadores de conduta.
- Aprendizaxes significativas.
- Actividades variadas con distintas vías de acceso aos contidos e con diferentes graos de dificultade.
- Reforzo educativo: modificacións de elementos non prescritivos do currículo (secuenciación de contidos, formas e instrumentos de avaliación, aspectos organizativos da aula, metodoloxía, apoios na aula ...).
- ACIs (modificación dos elementos prescritivos do currículo).
- Programas de enriquecemento para alumnado con altas capacidades (modificación dos elementos prescritivos do currículo).

## **11.- Acción de educación en valores e de contribución ao plan de convivencia.**

No centro cóntase cun plano de convivencia así como unha comisión para a resolución daqueles conflitos que se poidan orixinar na vida diaria do centro así como en calquera outro lugar que constitua o entorno que afecta ao noso alumnado (transporte, parque, ...) de cara a crear un ambiente agradable que leve a facer dos nosos alumnos-as uns cidadáns responsables e respectuosos.

## **12.- Accións de contribución ao Proxecto Lector.**

Nas aulas como contribución ao proxecto lector adícase cada día 20 minutos de lectura individual ou colectiva, segundo o caso, despois do recreo como preparación e relaxación para as próximas sesións.

Os **objectivos** que se pretenden lograr son os seguintes:

- a) Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- b) Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- c) Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- d) Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.

e) Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.

d) Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.

### **Accións**

a) Elección dos textos cos que se vai traballar, estes han de ser motivadores e axeitados ó nivel dos lectores, de contidos variados.

- Traballar a identificación da estrutura dos diferentes textos.
- As ideas principais e secundarias.
- O sentido dos distintos parágrafos e as relacións que entre eles se establecen.

b) A importancia da lectura en voz alta na comprensión lectora, xa que, a través dela, se estimula a recreación de sentimentos e de sensacións, ao mesmo tempo que serve como vehículo de ideas.

c) A automatización dun bo ton.

d) Unha correcta pronunciación.

e) Unha axeitada velocidade lectora son imprescindibles para que o lector poida consolidar a comprensión lectora.

## **13.- Actividades de reforzo/recuperación.**

As actividades de reforzo supoñen un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, aos inmigrantes, e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada.

Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

Co ánimo de atender estas necesidades o profesorado utilizará os seguintes recursos como medidas de reforzo e de atención ao alumnado con necesidade de recuperación:

- Fichas de reforzo de cada unidade.
- Fichas de comprensión lectora.
- Fichas de ampliación de cada unidade.
- Reforzo oral e escrito de contidos que o precisen.
- Actividades de repaso dos contidos traballados no trimestre.
- Estableceranse os apoios precisos e elaboraranse fichas de recuperación, reforzo e ampliación en coordinación coa equipa de NEE.

## **14.- Materiais didácticos (incluídos os libros de texto).**

Os Recursos Didácticos dos que se dispón son os seguintes:

1. Libro do Alumno e da Alumna e libro dixital.

2. *Enderezos da Internet* e recursos variados da rede. Serven para reforzar e complementar os contidos, habilidades e competencias traballadas en cada tema.

3. Cadernos, fichas, xogos educativos, medios informáticos, materiais de refugallo e todo o que, no seu momento, nos pareza axeitado.

Soamente destacar que segundo sexa o grupo de alumnos, o curso no que estean e o contexto no que se desenvolvan, haberá que utilizar un material ou outro.

- Dicionarios, atlas, mapas, enciclopedias temáticas.

Suliñar que cando falamos de materiais non soamente nos referimos a material impreso senón a calquera outro de tipo de material: audiovisual, lúdico, multimedia, etc.

## **15.- Actividades complementarias e extraescolares.**

Debido á situación sanitaria actual, durante este curso non se realizarán actividades que impliquen contacto entre o alumnado do centro.

## **16.- Procedemento e indicadores para a avaliación da propia programación/práctica docente.**

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Os indicadores de logro permítenos avaliar en cinco niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación (n: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións desexadas para conseguilo.
- Se se está conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo do alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitirán avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, para ser realizada ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte cadro:

ASPECTOS QUE HAI QUE AVALIAR	QUE HAI QUE DESTACAR...	QUE HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			



Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

